

## ESTADO ACTUAL DE DEGRADACIÓN MEDIO AMBIENTAL DA MARXE OESTE DA RÍA DE ALDÁN – O HÍO (CANGAS)

Traballo realizado polo alumnado de 4º curso de EXB do Colexio Público do Hío no Curso 1987-1988. Foi presentado no “Encontro sobre Educación Ambiental en Galicia” celebrado en Santiago de Compostela en Novembro do ano 1988, polo profesor Luís Mª Pérez González.

O estudo das áreas de Ciencias Sociais e Naturais estivo baseado na observación e coñecemento do entorno máis próximo ós nenos e nenas, a parroquia do Hío, procurando facelo en contacto directo co medio e sen seguir ningún libro de texto determinado.




Por medio de saídas programadas, visitas, traballos de investigación feitos por equipos, etc., pretendeuse chegar ó coñecemento da parroquia nos diversos aspectos, físico, humano, histórico-cultural; á valoración dos recursos da zona, así como a adquisición de hábitos de respecto ó medio.

**ZONA DE ESTUDO:** Beiramar da parroquia do Hío que dá á Ria de Aldán, no concello de Cangas, provincia de Pontevedra.

**CARACTERÍSTICAS DA ZONA:** Costa accidentada duns cinco quilómetros de longo, con abundantes e pequenas praias, recollidas e de areas e augas limpas. Ausencia de asentamentos urbanos fixos. Unha industria conserveira de peixe e recentes viveiros de cría de rodaballo. No mar, un polígono de viveiros de cultivo de mexillón.

**MOTIVOS DO ESTUDO:** Avaliar os efectos do turismo, o urbanismo salvaxe e especulativo e o deterioro da paisaxe producidos nestes últimos anos, ó reducirse considerablemente a distancia por estrada á cidade de Vigo, trala construción da ponte de Rande. Analizar tamén, os efectos das instalacións industriais da zona e os vertidos de residuos de distinta procedencia.

**ITINERARIO:** Dende o poboado de Vilariño, situado no fondo da Ría de Aldán ata a Punta de Couso, recorrendo toda a zona da beiramar.



**PRAIA DE VILARIÑO.-** Situada no fondo da Ría de Aldán e orientada cara ó N.O. Ten unha lonxitude de 500 metros e un ancho máximo de 125 metros. A pendente é suave. A area é gorda.

Das que imos percorrer, esta é a praia cun entorno máis urbano e con maior actividade humana local, das poboacións de Vilariño e Riodesteiro.

Parte a praia polo leste, dunhas laxes que caen sobre o mar. Sobre estas laxes hai catro hórreos en estado de abandono. A un deles chégalle o mar coa marea chea. Tres son de pedra e conservan a estrutura en bo estado pero requiren reparación do tellado.



Nesta zona da praia, por detrás do areeiro, só separadas por unha estreita pista feita con cascallo, hai un importante núcleo de casas da aldea de Vilariño. Casas antigas de pedra, das que moitas sufriron reformas e ampliacións en ladrillo, con ventás de aluminio, tellados de formas estrañas para gañar espazo interior, etc. Os arredores deste grupo de casas, toda a zona pública e a zona de praia que está diante, atópanse nun estado moi descoidado, con desperdicios procedentes das vivendas, montóns de lixo, plásticos, ferros e demais, por todas partes.

Na parte central da praia, a uns oitenta metros do mar, nunha edificación de máis de dous metros de altura, está a depuradora de augas residuais de gran parte da parroquia do Hío. De aquí sae cara ó mar, un tubo de oitenta centímetros de diámetro que, na zona intermareal vai ó descuberto. Segundo un letreiro que por aquí hai, estes terreos pertencen a "Montes dos Veciños da Parroquia do Hío".



Por detrás da praia e na beira da estrada que vai de Vilariño ó Igrexario, hai uns bloques de varios pisos de vivendas sociais do Instituto Social da Mariña que desharmonizan co resto da poboación.

A metade oeste da praia está limitada por atrás por unha pista asfaltada que leva ó grupo de casas de Riodesteiro. Esta parte da praia está convertida en almacén de materiais para a construción de bateas: grandes flotadores de ferro, vigas de eucalipto, etc. Hai no medio, unha vella caseta-taller de ladrillo, medio abandonada e moi deteriorada.

Xa que esta zona é moi utilizada para a varada de chalanas e barcos dos mariñeiros, atópase moi sucia con bolsas e cestos de plástico procedentes das bateas mexilloeiras, restos de artes de pesca, nasas, redes, cabos, cables e ata restos de embarcacións.

Na beira da pista hai un taller de ferreiro no que se constrúen flotadores para as bateas. Este taller almacena materiais no exterior, nas beiras do camiño. Ó lado hai un recinto pequeno que está dedicado a parque infantil, pouco coidado. Na entrada deste parque almacénase o lixo e desperdicios das casas próximas, en dous bidóns de ferro abertos, polo que ó arredor vense desperdicios ciscados.



No extremo da praia, desemboca un pequeno regato, aliviadeiro da Lagoa de Vilariño. Esta é unha importante zona húmida que está a sufrir constantes aterrados que poderán levar á súa desaparición. O regato ten o seu leito sucio e medio obstruído polo lixo e a vexetación.

A praia remata nun antigo muro de pedra que se mete no mar con dúas ramplas, usadas polos mariñeiros para varar as gamelas.

Enriba deste pequeno peirao descansan algunhas chalanas desfeitas e abandonadas.

**PRAIA DO CAGALLÓN.**- Está a continuación da praia de Vilariño e ten unha lonxitude de 100 metros. Orientada cara ó N.E., ten a area fina e coa marea alta queda totalmente cuberta. O terreo posterior érguese en parede vertical, na que o mar escavou varias furnas. Nesta parede medran loureiros e xestas.

Por riba desta parede ou terraplén natural que limita a praia, sen deixar ningún espazo, érguese os muros dunha finca na que hai catro chalés de recente construción. Por riba dos muros, un alto valado duns 6 metros de altura dunha pista de tenis. Estas fincas fixeron unha saída á praia facendo un muro de formigón sobre as laxes da praia.

A praia está bástante limpa, xa que a barre o mar, pero quedan moreas de lixo entre os penedos.

No extremo norte da praia hai restos dun antigo peirao, e a ambos lados, restos de dúas torres de ferro, sobre as rochas que cubre o mar. Á fronte míranse barcos fondeados.

**PRAIA DE ARNELES.**- Seguindo polas rochas, á beira do mar, dobramos a Punta Testada e chegamos á praia de Arneles.

Está orientada cara ó N. Ten 350 metros de lonxitude e a area é fina e con moitas cunchas. Hai zonas de area negra, procedente da erosión dos terreos posteriores. Hai pedras soltas no medio da praia.

No comezo da praia hai unhas grandes laxes planas, á sombra dun grupo de catro grandes eucaliptos. Hai outro que foi abatido polo temporal que aínda está alí atravesado.

A praia está bastante sucia na zona supramareal, con desperdicios procedentes das bateas: bolsas, cestas de plástico, etc.

Os terreos de detrás da praia están a uns tres metros sobre o nivel da area. Hai eidos dedicados a viña e outros cultivos.

No extremo Este, hai unha soa vivenda edificada sobre unha antiga casa de campo, restaurada e ampliada con materiais tradicionais. Ten un amplo xardín.

No extremo Oeste, a praia remata contra un monte de gran pendente, poboado de piñeiros e eucaliptos. Neste extremo desemboca un regato que baixa rápido por un pequeno val. A praia é atravesada por unha liña telefónica. No río hai un antigo muíño en completo abandono e de difícil acceso pola vexetación que o rodea.



A rentes do muíño comezan os muros e valados dunha chea de pequenos solares con pequenas casiñas, residencias vacacionais propiedade de veciños das cidades próximas. Os terreos, que todos teñen moi bos cerres, raramente pasan dos 300 metros cadrados, habendo algúns que non chegan ós 100 metros cadrados. Teñen o mínimo para meter un coche, que baixan por antigos camiños de carro, e unha pequena vivenda, a maior parte das veces prefabricada, de ferro, madeira ou poliéster, tipo caravana. O resto do espazo, o pouco que lle queda, téñeno lousado ou con pequenos xardíns.

Hai unha finca, algo máis grande, que chega ata o río, con grandes muros de formigón para conter as terras e aproveita as paredes doutro antigo muíño dentro do seu terreo.

As casas máis grandes están feitas en ladrillo e con arquitecturas estrañas para a zona. É curioso comprobar como conservan estes pequenos recintos moi coidados e limpos e fora dos muros dos solares, tanto o río como as beiras dos camiños están cheas de desperdicios, incluso vellos electrodomésticos tirados.

A 200 metros desta praia, en dirección ó N., no lugar de Ameixide, hai unha fábrica de conservas de peixe, cuns 150 metros de peirao e ramplas. Os desaugues desta industria van directamente ó mar. O peirao e rochas do entorno están cubertos de grosa capa de graxa. Hai total ausencia de limpeza e coidado dos arredores.

**PRAIA DE PINTÉNS.-** Trala fábrica de Ameixide, rodeamos unha punta na que o bosque de eucaliptos e piñeiros chega ata o mar. Aquí vemos un eucaliptal cercado por un valado feito con caixas vellas de madeira.

Dentro hai mesas de madeira, alpendres e chabolas feitas con paus e plásticos. Arréndase a unha colonia de campistas que pasan aí o verán sen as mínimas condicións hixiénicas.

Chegamos á praia de Pinténs. Orientada cara ó N.E., de 200 metros de lonxitude e de area limpa. Está moi abrigada de todos os ventos dominantes polo que é utilizada polos mariñeiros do lugar como fondeadoiro e varadoiro das súas chalanas o gamelas. Na parte alta da praia almacenan os mariñeiros os seus trebellos e fanse reparacións deixando tirados nun montón, os restos de cordas, táboas, ...

Nesta praia só hai unha casa, que é a ampliación dun galpón de pedra, con fachada que dá directamente sobre a praia. Hai tamén outra caseta que tamén foi ampliada, tras os canavais que lindan coa praia, usada como chabola polos mariñeiros.



Seguimos cara ó Norte, imos polas pedras ata a seguinte praia e miramos unha caseta de ladrillos nos terreos lindantes. Pasamos a punta da Pinela, paso non doado coa marea alta, xa que os penedos caen case verticais sobre o mar, e vemos tres pequenas e recollidas praias con frondosa vexetación pola parte de atrás.

**PRAIA DE SANXIÁN.-** Nome polo que se coñece no lugar a esta praia que no Mapa Topográfico recibe o nome de Praia de Carballal.

Orientada cara ó N.E., de 130 metros de lonxitude e de area fina e limpa. A pesar do bo estado xeral de limpeza atópanse moreas de desperdicios, botellas de plástico, etc. Cae sobre a praia un regato de aluvión que deposita na area as terras erosionadas máis arriba.

No linde posterior, frondosa vexetación de loureiros que chegan ata os 12 metros de altura, e nos que se aprecia unha enfermidade nas follas que os está secando. Hai tamén un canal.

Rompe a harmonía un muro de pedra levantado sobre a praia, e entre os loureiros míranse horrorosos valados dos terreos posteriores feitos con restos de mallas, portas vellas, arame de picao, etc.

Nestes terreos elevados uns dous metros sobre a praia, atopamos pequenas parcelas nas que se erguen casetas prefabricadas, chabolas de bloques, feitas case enriba da praia. Só dispoñen de acceso por sendeiro de pes desde o lugar de Pinténs, a uns 300 metros.

**PRAIA DE PIPÍN.-** A continuación e case unida, coa marea baixa, está esta pequena praia de menos de 80 metros, area fina e limpa e orientada cara ó leste.

As características desta praia son en todo similares ás da anterior de Sanxián. A mesma vexetación de loureiros, os mesmos montóns de lixo.

Hai tamén unha parcela que chega ata un muro edificado sobre a mesma praia. Sobre o muro, unha estartelada grúa de ferro de construción caseira, usada para subir e baixar unha embarcación de paseo.

Subindo por un sendeiro que sae da praia, pasamos entre as parcelas polo estreito paso que queda entre os valados de ambas beiras, por onde case hai que andar de lado. Houbo un intento de privatizar este sendeiro poñéndolle unha cancela na praia, para que só fose utilizado polos propietarios das mini-parcelas, pois aínda que aproveitan o terreo ó máximo son unhas parcelas de pequena superficie que se enchen cunha pequena caseta ou caravana.

Por outra parte, hai un vello muro de contención de pedra que estase a desfacer sen que ninguén faga nada por reparalo.

**PRAIA DE CASTIÑEIRAS.-** Pasamos a esta praia, practicamente saltando unhas pedras. Orientada cara ó leste, ten uns 100 metros de lonxitude, e características similares ás anteriores.


E unha praia moi sombría, con espesa vexetación, por atrás e polo extremo norte, de carballos, loureiros e castiñeiros. Hai tamén un grupo de grandes eucaliptos. No medio da area, zona seca, hai unha gran pena solitaria. A carón vense desperdicios e materiais non degradables: latas, plásticos, cristais, etc.

Os terreos lindantes están a cinco metros sobre a praia. Hai veigas dedicadas ós cultivos típicos da zona, viñas, millo, patacas, etc. Entre estas pequenas leiras hai algunhas parcelas cerradas que sen chegar ós cen metros cadrados albergan no seu interior casetas que non pasan dos trinta metros cadrados. Casetas de veraneo que non dispoñen de auga nin corrente eléctrica e que están a menos de dez metros da praia.

**PRAIA DE AREA BRAVA.-** Chegamos a esta praia por un carreiro que vai entre as veigas, pois pola costa, a Punta Corbeira é moi rochosa e de difícil paso.

É a praia máis ampla da Ría de Aldán, e a máis aberta. Ten 650 metros de longo e está orientada cara ó Norte. Area en xeral bastante limpa, aínda que o mar deixa na liña da marea alta o lixo que transporta: botellas de plástico, táboas, etc.

Pola parte posterior, a praia remata nunha duna ó longo de toda ela. Detrás da duna, o terreo queda máis baixo e fórmase unha lagoa con espesa vexetación de xunqueira. Ás beiras dela hai parcelas con casas prefabricadas, caravanas asentadas permanentemente, moitas con módulos de servicios hixiénicos separados das vivendas.



Subindo un pouco polo curso do río que chega a esta lagoa, adentrámonos nun pequeno val de vexetación frondosa e grandes amieiras. Iremos descubriendo, medio ocultos entre silvas e ramaxes, vellos muíños de auga, abandonados e ruinosos. A uns catrocentos metros da praia, onde o terreo que ata aquí era case plan, ascende bruscamente, atopámonos nun fermoso lugar, fresco, sombrío, frondoso con grandes amieiras e o río que case non se ve, cuberto pola vexetación, pero que se oe na súa baixada rápida e tortuosa polo monte abaixo. Neste lugar onde o río baixa con máis enerxía, hai un interesante grupo de catro muíños, un debaixo do outro, que ata hai pouco conservábanse en moi bo estado, coas canles que aproveitaban a auga de un para o outro, as moas, os rodicios. Nesta última visita podemos comprobar como a situación destes muíños está totalmente

degradada. Na parte baixa levántase un cerre de formigón dunha finca que chega ata o mesmo río pola súa marxe dereita. Este muro de contención de máis de tres metros de alto chega ata menos de dous metros dun dos muíños.

Subindo polo estreito camiño que comunica a todos os muíños, que están na marxe esquerda do río, vemos que o muíño que estaba máis arriba que era o que mellor se conservaba, aparece con gran parte das paredes e o tellado derrubados. Non se observa que fose por algunha causa determinada. Obsérvase que de aquí para arriba o camiño foi ancheado e acondicionado para a circulación de vehículos.



Adivíñase que este lugar, que debería quedar intacto para que as xeracións vindeiras coñecesen as antigas industrias do lugar, non vai permanecer así por moito tempo.

A partir da praia de Area Brava, a costa cambia totalmente volvéndose máis rochosa e con menos e máis pequenas praias.



Antes de chegar á praia de Loureiro, vemos unhas naves industriais. Fai quince anos houbo aquí un laboratorio de investigación sobre o cultivo da ostra. Estivo moitos anos abandonado e agora instaláronse uns viveiros de cría de rodaballo.


Na punta Alada, hai unhas ruínas dunha antiga salgadeira. No mar, os mariñeiros de Vilanova fondean as súas gamelas. A poucos metros estase a construír unha nova piscifactoría para a cría do rodaballo.

Por esta zona hai bastantes edificacións vacacionais, mais están algo retiradas da costa, máis ben na ladeira do Alto de Couseiro. Isto dáse por mor de que os terreos próximos ó mar son fértiles veigas traballadas polos veciños de Vilanova, que por serlles necesarias non se desprenden delas. Aquí os da cidade tiveron que comprar terreos no monte, sendo as fincas máis grandes das que temos visto

ata agora, quedando polo tanto as edificacións máis separadas.

Seguindo máis ó norte por un camiño interior, ancheado para o paso de vehículos, chegamos ata o lugar do Atranco. Aquí, nun lugar escondido para o que vai por terra pero moi visible dende a ría, entre o bosque de eucaliptos, un terreo sen valados pero con letreiros de "Propiedade Privada", no que hai unha colonia de caravanas, casetas de madeira, un vello autobús estartelado, pero alí asentado permanentemente, facendo a función dunha vivenda, e aínda máis, un vagón frigorífico asentado na súa cimentación, no que aínda con gran letreiro pódese ler a industria de onde procede. Todo isto nun lugar lamentablemente urbanizado, con camiños de cemento, socalcos con balaustradas, chegando a obrar no acantilado sobre o mar, facendo terrazas cara ó mar, ramplas de baixada a unha pequena caliña que hai alí mesmo, todo de construción artesanal con utilización dos máis diversos materiais aproveitados de restos de obras.

Resulta increíble presenciar como estas xentes escollen os lugares máis apartados e fermosos para transformalos en pouco tempo sen sensibilidade nin estética nun núcleo de chabolas rodeadas de cemento por todas partes.



Seguindo cara ó norte polo camiño interior, pois a costa é moi recortada, pasamos por un espeso bosque de eucaliptos, onde as árbores medran tan

xuntas que faise imposible saír do camiño. O chan está tan cheo de maleza, follas e pólas secas que non resulta difícil imaxinar un próximo incendio como os que xa teñen assolado estes montes.

Ó final, a Punta de Couso, con fermosa praia, antigas construcións de salgadeira na beira da ría, con pequeno peirao e rampla, antiga casa de labranza, hórreos, e pola ladeira que da ó mar de fora, unha urbanización de casas grandes de pedra, todas iguais e bastante separadas unhas das outras.

.....

## **CONCLUSIÓNS**

En base ó observado pódese comprobar que a actual degradación débese a:

- Accións dos veciños.
- Accións das industrias.
- Accións do turismo e segundas residencias de habitantes das cidades.
- Accións e omisións das administracións.

### **ACCIÓNS DOS VECIÑOS.-**

Debido a unha nula conciencia de protección do Medio Ambiente, o veciño tira todo tipo de desperdicios nas zonas de uso público, especialmente zonas costeiras, coa idea de que o mar todo o leva. Para a xente da costa, o mar sempre foi, e segue sendo en gran medida, o gran vertedoiro.

Nesta zona, moi aberta a influencias externas, non se valoran as tradicións nin a propia cultura, o que se demostra no abandono en que se atopan antigos hórreos ou vellos muíños que o progreso inutilizou e que vemos como van desaparecendo as súas vellas pedras e quedan reducidos a ruínas, os que quedan.



Observámolo tamén nas reformas e ampliacións das casas tradicionais, que se fan sen ningún tipo de asesoramento nin axuda, converténdoo nunha mestura de materiais e estilos que fai que se perda a identidade da arquitectura popular tradicional.

### **ACCIÓNS DAS INDUSTRIAS.-**

Localízanse na zona as seguintes:

- a) Fábricas de conservas de peixe.
- b) Viveiros flotantes de mexillón.
- c) Piscifactorías de rodaballo.

.....

a) Fábricas de conservas de peixe.- Instaladas de antigo na zona, carecen de control de vertidos, con desaugues directos e pouca limpeza, o que provoca unha grossa capa de graxa nos peiraos e pedras dos arredores.

b) Viveiros flotantes de mexillón.- Nesta ría cóntanse unhas cen bateas cunha produción anual dunhas 7.000 toneladas.

Nesta actividade que se realiza ó longo e todo o ano a bordo de bateas e barcos, xa é significativo que non teñan ningún sistema de recollida de residuos e que a terra só chegue o produto, xa limpo e escollido.

Quedan no mar todos os restos de mexillón non comercializable nin válido para cría, as cordas vellas, paus, bolsas de plástico rotas, etc. Algúns destes residuos flotan e logo cobren as praias e outros van ó fondo do mar, co que desaparecen da vista, pero..... ¿desaparece o problema?

Sabemos que cada batea leva unhas 400 cordas, e que de cada corda extráense uns 200 quilos de mexillón e de 30 a 50 quilos de desperdicio. ¿Poderá soportar a ría por moito tempo, 1.500 toneladas de desperdicios, anualmente?

c) Piscifactorías de rodaballo.- Son estas, industrias de recente instalación na zona. O que si se observa é que son grandes e feas construcións edificadas sobre as praias, que cruzan estas con grandes tubos e que deterioran a paisaxe dos lugares máis fermosos.

### **ACCIÓNS DO TURISMO E SEGUNDAS RESIDENCIAS DE HABITANTES DAS CIDADES.-**

Debido a esta causa está a sufrir a zona costeira, unha acelerada degradación nestes últimos anos, a partir da apertura da Ponte de Rande, que sitúa a esta zona a media hora en coche dende Vigo.

Estes novos poboadores temporais, adquiren pequenas leiras de ridículas dimensións nas zonas de praia, nas que tras facer altos cerres, plantan as súas casetas prefabricadas creando verdadeiros núcleos de chabolismo vacacional.

Chéganse a producir situacións de tensión cos veciños do lugar, cando pretenden privatizar carreiros de uso público ou apropiarse de terreos lindantes, comunais ou privados, cousa que ás veces conseguen.

Os veciños estanse vendo, cada vez máis, obrigados a vender as súas propiedades nas zonas de ocupación foránea, pois nestes terreos de produción agrícola, sementan pero no recollen produto. Outros se lle adiantan.

Isto está a producir un gran deterioro, non só ambiental senón tamén económico, pois conleva a destrución de terreo agrícola, tan escaso e necesario nesta parroquia, para convertelo en residencial.

### **ACCIÓNS E OMISIÓNS DAS ADMINISTRACIÓNS.-**

Hai que considerar tamén a responsabilidade das distintas Administracións cando acometen obras sen ter en conta a conservación medio ambiental ou a protección do patrimonio ou da paisaxe.

Hai tamén responsabilidade por omisión porque:

- É función da Administración educar e concienciar á poboación na conservación do medio ambiente e non permitir o deterioro do Patrimonio Histórico-Cultural do Pobo.
- Ten que controlar os residuos industriais, ademais de investigar e informar dos efectos que poderán producir no ecosistema, os distintos vertidos.
- Ten que revisar as condicións en que se están a construír as segundas residencias nesta zona e facer cumprir a normativa existente.